



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

SEC 2017-6	CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO
EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO-BAR AREA RECREATIVA VILARIÑO DE CONSO	

Vilariño de Conso, a 29 de Xuño de 2017

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO SOBRE “B” DE OFERTA ECONÓMICA PARA A EXPLOTACIÓN DO QUIOSCO- BAR DA ÁREA RECREATIVA DE VILARIÑO DE CONSO

Na Sala de Xuntas do Concello de Vilariño de Conso, do día 29 de xuño de 2017 sendo as 9,15 horas e en acto público, reúnese a Mesa de Contratación, integrada polo Sr. Alcalde, don Ventura Sierra Vázquez, como presidente da mesa; dona Ana María Loureiro Silva, secretaria- interventora do Concello de Vilariño de Conso, dona Melisa Macía Domínguez, tenente de Alcalde, dona M. Esther Alonso García, concelleira, e dona M. Mercedes Manso Fernández, AEDL, como vogais, e dona Marina Feijoo como secretaria da mesa, co obxecto de proceder á apertura do “sobre núm. 2” de oferta económica do procedemento aberto para a explotación do quiosco-bar da área recreativa de Vilariño de Conso, convocado segundo Decreto de Alcaldía de data 15 de xuño de 2017, anuncio no BOP núm. 139 de 19 de xuño de 2017, e web municipal www.vilarinodeconso.es; vista a Acta da Mesa de Contratación de data 29/06/2017, de apertura do sobre “A” de documentación administrativa, segundo a cal se admitiron ós seguintes licitadores:

-Manuela González Losada, en representación de FOLIADA C.B.

-Berto Fernández Docampo, en representación de MANTESIL S.L.U.

Acto seguido, procedese á apertura do sobre “B” de oferta económica co seguinte resultado:

-Manuela González Losada, en representación de FOLIADA C.B., que ofrece un canon de 100 € (impostos incluídos), obtendo unha puntuación de 0 ó non mellorar o canon mínimo esixido.

-Berto Fernández Docampo, en representación de MANTESIL, S.L.U., que ofrece un canon de 100 € (impostos incluídos), obtendo unha puntuación de 0 ó non mellorar o canon mínimo esixido.



ILMO. CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

SECRETARÍA

Á vista de que se produciu un empate na puntuación obtida, e segundo o previsto na base 10 do prego de cláusulas administrativas, procédese a resolver por sorteo, sendo gañador do mesmo MANTESIL S.L.U. Sendo así, a mesa por unanimidade dos membros acorda propor como adxudicatario á MANTESIL S.L.U.

Sen máis asuntos que tratar, no lugar e data indicado no encabezamento, dáse por rematado o acto, ás 9,30 horas.

O PRESIDENTE

D. Ventura Sierra Vázquez

A SECRETARÍA DA MESA

D^a. Marina Feijoo Fernández

